



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE PRAZAS E FUNCIONAMENTO DO CAMPAMENTO XUVENIL DE VERÁN CON Pernocta NO C. X. PONTEMARIL (FORCAREI) PARA MENORES DE IDADE DO CONCELLO DA BAÑA 2024

Artigo 1. Obxecto.

Estas normas teñen por obxecto regular a convocatoria de prazas e o funcionamento do servizo de campamento de pernocta de verán municipal para menores de idade no concello da Baña 2024 dende o 26 de agosto ata o 4 de setembro de 2024.

Artigo 2. Definición do programa

O campamento de verán é un servizo que ten a función de ofrecerlles ás crianzas un espazo onde participar de actividades de carácter lúdico, social e educativo.

Está dirixido a menores entre os 8 e 16 anos de idade, durante os días 26 de agosto ao 4 de setembro coincidindo coas vacacións estivais das crianzas.

Artigo 3. Persoas destinatarias. Características das persoas usuarias

Enténdense como persoas usuarias do servizo as/os responsables das rapazas e rapaces (persoa ou persoas que teñan atribuída a patria potestade, tutela ou representación legal, de acordo co Código civil e normativa complementaria) e os propios menores.

Artigo 4. Dereitos e obrigas das persoas usuarias

Son dereitos dos usuarios e usuarias do programa de actividades e de quen posúa a súa patria potestade:

- O acceso ao programa sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, incluído calquera tipo de diversidade funcional.
- A dignidade persoal, tanto por parte do persoal, como dos demais usuarios.
- Ser tratados con respecto e tolerancia baseados nos principios de igualdade e convivencia democrática.
- O sxiilo profesional sobre os datos do seu historial persoal, sanitario, socioeconómico e familiar ao abeiro da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- Deixar de asistir aos servizo por vontade propia.
- Ser informados, de xeito comprensible, das normas básicas de convivencia, hixiene e respecto mutuo e aos demais.

Son obrigas dos usuarios e usuarias do programa de actividades de conciliación e de quen posúa a súa patria potestade:

- Cumprir os regulamento e demais disposicións legais vixentes.
- Cumprir os trámites, prazos e requisitos necesarios para o uso do servizo.
- Estar ao día no pagamento dos servizos ofertados polo Concello da Baña. A existencia de débeda suporá a non admisión no servizo, a excepción dos casos concretos informados polos Servizos Sociais Municipais considerados de emerxencia social.
- Comunicar a baixa cando proceda.
- Responsabilizarse daquelas situacións en que por motivos de saúde e malestar, sexa necesario a recollida do menor usuario dos servizos.
- Deberase presentar informes médicos actualizados segundo estes lles sexan requiridos desde o Concello. En ningún caso se lle dará un trato especial a un usuario/a sen o informe médico que o recomende e xustifique. Se un menor ten que medicarse durante o desenvolvemento do programa, deberá traer o medicamento e unha autorización asinada polo pai, nai ou titores, e un informe médico no que se especifique a dose e o momento no que haberá que administralo. En ningún caso un monitor/a lles administrará un medicamento aos menores sen a autorización por escrito asinada polo pai, nai ou polo seu titor/a e un informe médico.
- Non poderán asistir os/as usuarios/as con febre, (38º rectal, 37,5º bucal, 37,2º axilar), diarrea, vómitos, ou enfermidades contaxiosas, (rubéola, papeiras, sarampelo, lombrigas, gastroenterite vírica, gripe, varicela, etc.). De aparecerlle calquera síntoma das enfermidades anteriores, así como de piollos, será posto en coñecemento dos pais/nais/titor/a para que recollan o seu fillo/a.
- Os rapaces e rapazas deberán asistir ao campamento portados do seu DNI e a tarxeta sanitaria.

Artigo 5. Estrutura do servizo

O servizo está dirixido aos nenos e nenas do Concello da Baña que teñan entre 8 e 16 anos de idade.

O campamento de verán oferta 17 prazas para os nenos e nenas que cumpran os requisitos de admisión. Este servizo desenvolverase no campamento xuvenil Pontemarl durante 7 días con pernocta.

As actividades levadas a cabo serán de índole educativa e cultural, fomentarán o fortalecemento de valores como a solidariedade, a confianza, a cooperación; así como o



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

respecto persoal e colectivo. Todo isto acompañado de actividades que promovan o completo desenvolvemento da crianza.

Artigo 6. Inscripción

Establecerase un prazo de inscrición que se iniciará dende o día seguinte á publicación da convocatoria ata o 2 de agosto. Todas as solicitudes presentadas fóra de prazo irán a unha listaxe de agarda.

As solicitudes deberán ser asinadas pola nai, pai ou titor/a legal do menor e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou sede electrónica.

Consideraranse admitidos/as todos/as aqueles/as persoas empadroadas que cumprindo o requisito da idade, acheguen a documentación necesaria e aboem as taxas. No caso de que haxa máis persoas inscritas que prazas dispoñibles, farase un sorteo público. Poderán optar ás prazas as persoas non empadroadas que así o desexen, tendo en conta que a preferencia na adxudicación será para as persoas empadroadas, tal e como se recolle no artigo 8 destas bases.

Documentación: Esta solicitude deberá vir acompañada dos documentos seguintes:

- A fotocopia do documento de identidade do/a menor acompañada do libro de familia ou documento que permita comprobar a identidade da nai, pai ou titor/a legal do menor e a relación co menor.
- De ser o caso, o informe médico que acredite calquera tipo de tratamento especial.
- Tarxeta sanitaria do/da menor.
- Anexo – Ficha de inscrición no campamento de verán 2024.
- Anexo – Datos médicos.
- Anexo – Autorización para reportaxes de prensa, radio, televisión, páxina web, facebook e redes sociais do Concello.

Artigo 7. Prezos públicos

As cotas serán aplicadas de acordo co determinado na correspondente ordenanza fiscal reguladora do prezo público polos servizos culturais e deportivos. Os/as usuarios/as realizarán o pagamento do servizo unha vez publicada a listaxe de solicitudes admitidas definitiva e nun prazo de 7 días naturais, no caso de non realizar dito pago no prazo establecido procederase a dar de baixa a solicitude e a publicar a nova composición da listaxe de solicitudes admitidas, abrindo un prazo de 7 días naturais para que os titulares das novas solicitudes admitidas provisionalmente efectúen o pago. De non face-lo entenderase rexeitada a súa inclusión e procederase a realizar o mesmo procedemento cos seguintes titulares da lista de agarda.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Pagamento con base na ordenanza:

O prezo será fixado polo órgano competente (Alcaldía) de xeito que o número de persoas solicitantes cubra o custo total deste. Non obstante, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante un informe técnico dos servizos correspondentes, o órgano competente poderá fixar un prezo que non cubra o custo deste, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para cubrir a diferenza existente.

PREZOS PÚBLICOS	
1º fillo	140€
2º fillo	105€
3º fillo	70€

Excepcionalmente, naqueles casos nos que a unidade familiar, empadroada no concello da Baña con carácter previo á data da publicación da convocatoria, non conte cuns ingresos iguais ou superiores a dúas veces o IPREM (600,00 €) o departamento responsable emitirá un informe mediante o cal o prezo público asumido pola persoa usuaria será o seguinte.

PREZOS PÚBLICOS PARA OS NENOS/AS CENSADOS/AS NA BAÑA BENEFICIARIOS DUNHA BONIFICACIÓN POR CAUSAS SOCIOECONÓMICAS	
1º fillo	40 €
2º fillo	30 €
3º fillo	25 €

Artigo 8. Criterios de valoración, lista definitiva de admitidos e listaxe de agarda.

Grados de prioridades para valorar as solicitudes:

- Prioridade 1: Os nenos e nenas para os que se solicita o programa deberán pertencer a unha unidade familiar empadroada na súa totalidade no Concello da Baña, con carácter previo á publicación da convocatoria, e no seu defecto o pai, nai ou titor/a legal e o/a menor para o que se solicita a praza.
- Prioridade 2: Menores que sexan fillos/as do persoal que presta servizo no Concello da Baña.
- Prioridade 3: Nenos e nenas de familias non censadas no municipio. Inclúiranse neste grado de prioridade os supostos non recollidos nos apartados anteriores.

Condições para solicitar o servizo:

- A unidade familiar en calquera dos tres grados de prioridade, deberá estar ó día no pagamento de todos os servizos ofertados polo Concello da Baña, e en particular, non ter débedas co Concello, a excepción dos casos informados polos Servizos Sociais Municipais como Emerxencia Social.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Publicarase a lista definitiva de admitidos/as na páxina do Concello da Baña. De non existir ningunha reclamación nin falta-lo pago do prezo público de ningún dos integrantes da lista provisional, as prazas quedarían oficialmente concedidas aos usuarios desa listaxe.

As posibles reclamacións á lista provisional deberán presentarse, no prazo máximo de 3 días naturais dende a publicación da referida listaxe, a través do rexistro xeral do Concello da Baña, ou ben a través da Sede Electrónica Municipal ou de calquera outro medio ó que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de que as inscricións presentadas dentro do prazo sinalado excedan as prazas dispoñibles para suposto de menores censados no municipio, efectuarase un sorteo público para determinar a lista de usuarios do servizo, e pasarán as persoas excluídas a integrar unha listaxe de agarda. Este sistema de desempate aplicarase para tódolos grados de prioridade.

No caso da necesidade de realizar o sorteo para cubrir as prazas do servizo, as solicitudes de irmáns/as irán xuntos. Os casos de emerxencia social debidamente acreditados polos Servizos Sociais do Concello da Baña terán preferencia para entrar no programa dentro de mesmo grado de prioridade.

Todas as inscricións presentadas fóra de prazo producirán a entrada do/a menor na listaxe de agarda correspondente a continuación das presentadas dentro do prazo.

Artigo 9. Persoal municipal e persoal contratado para a prestación do servizo de campamento de verán.

O persoal municipal responsable do programa, encargarse da valoración e o deseño das características da prestación do servizo e serán os/as responsables da súa supervisión. Polo tanto, establecerase unha coordinación periódica entre o persoal municipal e o persoal técnico da empresa prestadora do servizo.

O servizo inclúe as accións que se relacionan a continuación e que deberán diferenciarse en función da crianza; estas estarán a cargo do monitorado:

- Garantir hábitos de hixiene.
- Realizar o seguimento especial a rapazada ou con dificultades. Planificar e realizar actividades lúdico-educativas.
- Manter o vínculo coas familias e informarlles así como ao Concello das incidencias que se produzan.
- Custodiar a documentación persoal das persoas usuarias do servizo.
- Deixar recollidas as instalacións, o mobiliario e os utensilios usados limpos, así como os espazos utilizados para a realización de actividades complementarias.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- Facilitarles aos responsables municipais toda a documentación que sexa requirida para o desenvolvemento dos servizos.
- Realizar as demais funcións que se lle atribúa desde o Concello para o seu correcto funcionamento.

Artigo 10. Finalización da prestación do servizo e supostos extraordinarios

Serán causas de baixa nos servizos:

- Incumprimento dos requisitos establecidos.
- A solicitude da persoa responsable do menor.
- A comprobación da falsidade nos documentos ou datos achegados, con independencia das infraccións administrativas e/ou penais que a devandita conduta constitúa.
- A falta de pagamento das cotas establecidas na Ordenanza reguladora do prezo público
- O Concello da Baña resérvase o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva do servizo aos menores que se comporten de forma incorrecta ou cuxos responsables non respecten as normas de funcionamento do mesmo.

Artigo 10. Protección de datos.

a) Responsable do tratamento	do	Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD):dpd@concellodabana.gal
b) Finalidade do tratamento	do	Xestión e control dos servizos, programas, actividades e recursos dirixidos á poboación xuvenil do municipio e das persoas participantes.
c) Lexitimación		Artigo 6.1.a) RXPD consentimento da persoa interesada. Artigo 6.1.e) do RXPD, o tratamento baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento: - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
d) Categoría de persoas interesadas	de	Usuarios dos servizos de mocidade do Concello da Baña
e) Categoría de datos		-Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Outros datos adicionais que puidesen ser necesarios para a súa participación.
f) Destinatarios/as		Empresas, entidades ou profesionais que actúen como encargados do tratamento para o desenvolvemento dun programa ou actividade.
g) Transferencias Internacionais		Non está previsto realizar transferencias internacionais.
h) Prazos de conservación	de	Conservaranse o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento de datos.
i) Medidas de Seguridade	de	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS).



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Artigo 11. Disposición final.

Estas bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola LPACAP e a Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado.

Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANEXO - FICHA DE INSCRICIÓN NO CAMPAMENTO DE VERÁN 2024

DATOS DOS MENORES	NOME	APELIDOS	DNI	DATA DE NACEMENTO	ENDEREZO	TELÉFONO
1						
2						
3						
4						

DATOS DOS PAIS/NAIS/TITORES	NOME	APELIDOS	DNI	ENDEREZO	TELÉFONO	E-MAIL
1						
2						

DECLARO:

- | | | |
|---|----|-----|
| 1. Unidade familiar censada no municipio. | SI | NON |
| 2. Traballadores do Concello. | SI | NON |
| 3. Non censados no municipio. | SI | NON |
| 4. Solicitante de bonificación por causas socioeconómicas | SI | NON |

AUTORIZO:

Ao Concello da Baña a facer as comprobacións oportunas dos requisitos establecidos para o acceso ao servizo.

Ao Concello a que poida chamar aos teléfonos facilitados para poder xestionar adecuadamente a inscrición e os datos adicionais ou concretar información sobre o campamento de verán.

DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA:

Esta solicitude deberá vir acompañada dos documentos seguintes:

- A fotocopia do documento de identidade do/a menor acompañada do libro de familia ou documento que permita comprobar a identidade da nai, pai ou titor/a legal do menor e a relación co menor.
- De ser o caso, o informe médico que acredite calquera tipo de tratamento especial.
- Tarxeta sanitaria do/da menor.
- Anexo – Ficha de inscrición no campamento de verán 2023.
- Anexo – Datos médicos.
- Anexo – Autorización para reportaxes de prensa, radio, televisión, páxina web, facebook e redes sociais do Concello.

Na Baña, a de de .



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Asdo.:

O pai, a nai, ou o/a titor/a legal,
don/dona

a) Responsable do tratamento	do	Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): dpd@concellodabana.gal
b) Finalidade do tratamento	do	Xestión e control dos servizos, programas, actividades e recursos dirixidos á poboación xuvenil do municipio e das persoas participantes.
c) Lexitimación		Artigo 6.1.a) RXPDP consentimento da persoa interesada. Artigo 6.1.e) do RXPDP, o tratamento baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento: - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
d) Categoría de persoas interesadas	de	Usuarios dos servizos de mocidade do Concello da Baña
e) Categoría de datos		-Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Outros datos adicionais que puidesen ser necesarios para a súa participación.
f) Destinatarios/as		Empresas, entidades ou profesionais que actúen como encargados do tratamento para o desenvolvemento dun programa ou actividade.
g) Transferencias Internacionais		Non está previsto realizar transferencias internacionais.
h) Prazos de conservación	de	Conservaranse o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento de datos.
i) Medidas de Seguridade	de	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS).



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANEXO - DATOS MÉDICOS

En canto a alerxias ou enfermidades que poida presentar a crianza:

➤ Alerxias (especificar o tipo):

A antibióticos, medicamentos	
A animais ou alimentos	
A outros elementos	

➤ Precisa subministrar algunha medicación ou tratamento médico especial? Especificar:

➤ Segue algún réxime de comida?(tipo)

Existe algún alimento que non poida tomar?

➤ Padece algunha afección frecuente?

En canto ao mellor desenvolvemento da crianza no servizo:

➤ Ten algún medo de cara a algo en especial? Especificar

➤ Precisa algún apoio extra? Especificar

En canto as actividades de piscina:

➤ Sabe nadar?

SI NON

➤ Realizou algunha vez cursos de natación?

SI NON

➤ Durante canto tempo?

Outras observacións que desexa reflectir:

No caso de que sexa imposible a miña localización, AUTORIZO aos responsables do servizo a tomar as decisións médicas que estimen oportunas en beneficio da crianza. SI NON



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Na Baña, a de de .

Asdo.:

O pai, a nai, ou o/a titor/a legal,
don/dona

a) Responsable do tratamento	do	Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD):dpd@concellodabana.gal
b) Finalidade do tratamento	do	Xestión e control dos servizos, programas, actividades e recursos dirixidos á poboación xuvenil do municipio e das persoas participantes.
c) Lexitimación		Artigo 6.1.a) RXPDP consentimento da persoa interesada. Artigo 6.1.e) do RXPDP, o tratamento baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento: - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
d) Categoría de persoas interesadas	de	Usuarios dos servizos de mocidade do Concello da Baña
e) Categoría de datos		-Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Outros datos adicionais que puidesen ser necesarios para a súa participación.
f) Destinatarios/as		Empresas, entidades ou profesionais que actúen como encargados do tratamento para o desenvolvemento dun programa ou actividade.
g) Transferencias Internacionais		Non está previsto realizar transferencias internacionais.
h) Prazos de conservación	de	Conservaranse o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento de datos.
i) Medidas de Seguridade	de	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS).



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANEXO - AUTORIZACIÓN PARA REPORTAXES DE PRENSA, RADIO, TELEVISIÓN, PÁXINA WEB, FACEBOOK E OUTRAS REDES SOCIAIS DO CONCELLO

D./D.^a con DNI , en calidade de pai/nai/titor/a do/da menor

En cumprimento co dereito á propia imaxe recollido no artigo 18 da Constitución e regulado pola Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección Civil ao dereito á Honra, á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe; o Regulamento (UE) 2016/679 relativo á protección das persoas físicas, mediante o tratamento dos seus datos persoais e a súa libre circulación “RGPD” e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais “LOPDGDD”

AUTORIZA ao Concello da Baña, con enderezo en Praza do Concello, s/n, 15863 A Baña, A Coruña, e NIF P1500700H para que poida facer fotos e gravar imaxes e sons nas actividades que se realizan durante o Campamento de verán 2023 nas que apareza a crianza citada ben individualmente ou estando en grupo. As imaxes e os sons poderán difundirse a través de medios de comunicación audiovisual ou xornais ou pasar a formar parte do arquivo do Concello da Baña para utilizalas en campañas de promoción.

En todo momento serán respectados os dereitos do menor.

AUTORIZO

NON AUTORIZO

Na Baña, a de de .

Asdo.:

O pai, a nai, ou o/a titor/a legal,
don/dona

a) Responsable do tratamento	do	Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD):dpd@concellodabana.gal
b) Finalidade do tratamento	do	Xestión e control dos servizos, programas, actividades e recursos dirixidos á poboación xuvenil do municipio e das persoas participantes.
c) Lexitimación		Artigo 6.1.a) RXPDP consentimento da persoa interesada. Artigo 6.1.e) do RXPDP, o tratamento baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento: - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
d) Categoría de persoas interesadas	de	Usuarios dos servizos de mocidade do Concello da Baña
e) Categoría de datos		-Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Outros datos adicionais que puidesen ser necesarios para a súa participación.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

f)	Destinatarios/as	Empresas, entidades ou profesionais que actúen como encargados do tratamento para o desenvolvemento dun programa ou actividade.
g)	Transferencias Internacionais	Non está previsto realizar transferencias internacionais.
h)	Prazos de conservación	de Conservaranse o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento de datos.
i)	Medidas de Seguridade	de As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpren co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.